

# **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE 2º DE PRIMARIA**

## **1º. Comunicación lingüística (CCL)**

- Comprender, de forma global, a información dun texto oral sinxelo e responder a preguntas de comprensión.
- Comprender a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos ás súas experiencias.
- Ler distintos tipos de texto moi sinxelos e comprende o seu contido identificando o tema.
- Coidar, conservar e organizar os libros de texto, de biblioteca, etc.
- Escribir, con axuda, textos sinxelos atendendo á forma da mensaxe e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas do nivel.
- Presentar os traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, etc.
- Elaborar e presentar textos sinxelos que ilustra con imaxes relacionadas co contido.
- Utilizar as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. (uso da maiúscula, m diante de p e b, r e rr entre vogais).
- Utiliza os signos de puntuación nas súas composicións escritas (punto e seguido, punto e separadamente e signos de interrogación)
- Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias e compón textos narrativos dunhas 30 palabras.

## **2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

- Explicar oralmente o proceso seguido para resolver un problema sinxelo.
- Ler, escribir e ordenar números ata o 999.
- Identificar o valor de posición das cifras dos números traballados (C,D,U)
- Realizar series ascendentes e descendentes cos números traballados.
- Descompoñer e compondr números naturais interpretando o valor das súas cifras.
- Realizar cálculos numéricos básicos coas operacións de sumas e restas de tres cifras (con e sen levadas) e iniciarse na multiplicación (1, 2, 5 e 10)
- Identificar os números pares e impares.
- Ler a hora en reloxos analóxicos e dixitáis (en punto e media).
- Coñecer a función e o valor de diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas en situación reais.
- Completar figuras partindo do seu eixe de simetría.
- Recoñecer diferentes tipos de polígonos traballados en obxectos do seu entorno inmediato.
- Recoñecer corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
- Identifica e describe as partes do corpo humano.
- Recoñecer a respiración e a nutrición como funcións vitais.
- Explicar as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.

- Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, adoptando hábitos de respecto.
- Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
- Identificar e coñecer a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
- Exemplificar algún dos usos que, o ser humano, fai da auga.
- Explicar de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema e identifica algunha das actividades humanas que orixinan desequilibrios neles.
- Citar algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe natural e urbana próxima.
- Coñecer os instrumentos de medida do tempo.
- Interioriza secuencias rítmicas sinxelas e as repite.

### **3º. Competencia dixital (CD)**

- Rexistrar e interpretar datos no ordenador con representacións gráficas de usos cotiáns da aula (rexistro préstamos biblioteca, táboas de multiplicar...).
- Participa en actividades individuais e grupais empregando as novas tecnoloxías.
- Ordenar cronolóxicamente distintas secuencias sobre feitos ou acontecementos sobre os que se investigou por medio das tecnoloxías.

## **4º. Aprender a aprender (CAA)**

- Coñece, sinala e emprega as distintas partes do seu corpo. Distingue a dereita e a esquerda en si mesmo e nun compañeiro.
- Axusta os seus movementos corporais a cambios na intensidade duración, espacio...: salta a pata coxa unha pequena altura coa perna dominante.
- Axusta os desprazamentos ao tempo e o espazo en calquera tipo de xogo, coordinando brazos e pernas en distintas direccións, tanto na marcha como na carreira.
- Posúe o axeitado axuste corporal e a necesaria coordinación motriz no lanzamento de obxectos, executándoo de maneira espontánea: lanza e recibe cun compañeiro desprazándose picado e de peito.
- Percibe a traxectoria de obxectos en vo, e leva a cabo accións motrices de anticipación para o seu control.
- Fai botar e rebotar pelotas de distintos tamaños con ámbalas dúas mans de xeito alternativo, tanto con desprazamentos como parados.
- Realiza movementos corporais axustados aos cambios nas cualidades do son (velocidade, intensidade...).
- Discrimina distintos sons atendendo a súa fonte de produción.

## **5º. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

- Coñecer e valorar as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais
- Expresar de forma global sentimentos, vivencias e opinión aplicando as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas.
- Explicar as normas básicas viarias que ten como peón ou nos medios de transporte.
- Valora e aplica usos responsables da auga en todos os ámbitos.
- Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
- Respecta as regras que rexen as actividades físicas e o xogo.
- Participar axeitadamente en diversas situación de comunicación con orde e coherencia: diálogos, exposicións, orais guiadas con axuda e demandas de información.
- Utilizar estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respectar os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

## **6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

- Elaborar textos sinxelos que ilustra con imaxes relacionadas co contido.
- Participa axeitadamente en diversas situacións de comunicación.
- Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
- Participa de forma activa en tódalas actividades físicas con atención e interese.

## **7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

- Explicar oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da súa contorna próxima.
- Describir as funcións dalgunha profesión traballadas e as súas ferramentas.
- Utilizar os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
- Coñecer os oficios das persoas do seu contorno e valorar a importancia de cada profesión.
- Emplea grafías non convencionais para representar as cualidades do son.
- Acompaña as cancións con instrumentos, percusión corporal e movemento.